

ANTAS DE ULLA

ULLOANDO POLO NACEMENTO

GPS: N: 45° 45' 07.3"
O: 7° 53' 19.9"


Data: Sábado 20 de maio de 2017
Hora saída: 10:00 h. **Distancia:** 12 Km.
Dificultade: Baixa
Punto de encontro: Praza de España
Contacto e información:
Tlfno.: 982 379 251 - 699 604 533
concello.antasdeulla@eidolocal.es



A ruta vai dende a ponte Mercé ata o antigo balneario das augas de Frádegas, coa súa fonte de augas sulfurosas. Xantaremos a carón do río Ulla e voltaremos ao punto de saída.

Esta andaina permite disfrutar da beleza do Ulla moi preto do seu nacemento.

Remataremos a xornada coa invitación a visitar a fonte que dá orixe ao nacemento do Ulla e a Queixería ARTELAC (D.O.P. Arzúa-Ulloa).



MONTERROSO

RUTA DOS MUIÑOS

GPS: N: 42° 47' 35.3"
O: 7° 50' 11.5"

Data: Domingo, 21 de Maio de 2017
Hora saída: 10:00 h. **Distancia:** 15 Km.
Dificultade: Media-Baixa
Punto de encontro: Concello. Praza de Galicia s/n.
Contacto e información: Tel.: 678 279 106
espazo.lorenzo.varela@gmail.com



A ruta denominámola "dos muíños" porque son o nexo de unión do trazado. Partiremos do muíño de Curuxás e polo percorrido veremos tamén os de Illoá, A Graña, Fente e o do Alemán. Tamén a ruta lévanos pola área recreativa de A Peneda e polas igrexas Esporiz, Bidouredo e Vilance.

Na vila pódense visitar diferentes puntos de interese como son o Pazo de Laxe, a Casa-Torre de Cumbras, o Cemiterio dos Peregrinos, o cruce de Lameiros, a igrexa de Novelúa ou o Conxunto de San Miguel de Penas.



PALAS DE REI

RUTA DAS TORRENTES


GPS: N: 42° 51' 27.1"
O: 7° 52' 04.3"

Data: Domingo, 28 de maio de 2017
Hora saída: 10:00 h. **Distancia:** 7 Km.
Dificultade: Alta
Punto de encontro: Praza do Concello
Contacto e información: Tel.: 982 380 001
culturapalas@gmail.com



A ruta percorrerá o río Ulla polo tramo das Torrentes de Mácara, iniciándose no antigo Balneario de Frádegas e chegando ata a unión do Río Pambre co Ulla.

A continuación visitarase o Castelo de Pambre coa obra de rehabilitación xa rematada e o Centro de Interpretación aberto, onde se poderá aprender parte da historia do lugar e do contorno. Dende alí, dende as almenas da Torre da Homenaxe pódese ver tamén a paisaxe do Castro de Remonde.



AGOLADA

ROTEIRO DAS SERPENTINITAS

GPS: N: 42° 45' 47.7"
O: 08° 01' 08.0"

Data: Sábado, 3 de Xuño de 2017
Hora saída: 10:00 h. **Distancia:** 10 Km.
Dificultade: Media
Punto de encontro: Praza do Concello
Contacto e información: Tel.: 619267 783
inma.galego@agolada.es



Roteiro semicircular. Dende Basadre seguimos ruta ata o punto estratéxico das provincias de Pontevedra, A Coruña e Lugo. Seguiremos pola ruta das serpentinitas e endemismos de interese xeolóxico e botánico á par do río Ulla. Baixada do río Seco ata a súa desembocadura no Ulla onde visitaremos o Muíño das Canizas. Regreso en autobús ata a Praza do Concello onde poderemos visitar os Pendellos (antigo recinto feiral do S. XVIII e declarado Conxunto Histórico), punto onde remata a nosa andaina.



SANTISO

ROTEIRO DE VISANTOÑA (PRG.125)

GPS: N: 42° 51' 54.3"
O: 8° 5' 59.6"

Data: Sábado, 10 de Xuño de 2017
Hora saída: 10:00 h. **Distancia:** 14,8 Km.
Dificultade: Media
Punto de encontro: Pazo Vilar de Ferreiros
Contacto e información: Tel.: 981 818 501
nicolas.castro@santiso.org



O Roteiro de Visantoña (PRG. 125) é un percorrido circular. O lugar de saída será o Pazo de Vilar de Ferreiros, que data do século XVIII. Camiñaremos por Visantoña, onde empezaremos a ollar unhas preciosas panorámicas do encoro. Ao chegar a Área Recreativa de Seoane pasaremos a carón do Castro de Seoane, bordearemos todo o encoro ata chegar ao Ribeiro onde veremos un Pazo, unha capela e un conxunto de mámoas. Máis adiante chegaremos aos muíños do Taxo, para acabar no punto de saída.



ARZUA

RUTA DA FERVENZA DAS HORTAS

GPS: N: 42° 55' 40.6"
O: 8° 09' 41.0"

Data: Sábado, 17 de Xuño de 2017
Hora saída: 9:00 h. **Distancia:** 14 Km.
Dificultade: Baixa
Punto de encontro: Mercado Centro Multiusos "Terra do Queixo"
Contacto e información: Tel.: 676 172 978
luis.otero@concellodearzua.com



A paisaxe de Arzúa está tracexada polo curso dos seus ríos e regatos. O río Iso, o Mera e o Ulla, e os seus numerosos afluentes, acobillan nas súas ribeiras acougantes recunchos e conservan unha vizosa fauna e flora. A auga é protagonista na fervenza das Hortas tamén chamada Fervenza de Santa Marta que é un dos límites naturais entre os concellos de Arzúa e Touro. Consta de dúas caídas de auga duns 30 m. de altura. Na súa parte alta atópase o muíño dos Agra, situado no Concello de Touro.



VILA DE CRUCES-SILLEDA

ROTEIRO DA HISTORIA - REMESQUIDE/PONTE LEDESMA/CIRA

GPS: N: 42° 49' 13.1"
O: 8° 20' 41.4"

Data: Domingo, 18 de Xuño de 2017
Hora saída: 9:30 h. **Distancia:** 14 Km.
Dificultade: Media
Punto de encontro: Autobús en:
1º.- Praza Juan Carlos I, Vila de Cruces. (9:00 h.)
2º.- Gres, na Ponte Ledesma. (9:15 h)
Contacto e información:
Tlfno.: 626 945 500 - 654 397 120
concellodeviladecruces@gmail.com
alfredo.abeledo@silleda.es



Roteiro lineal intermunicipal entre os Concellos de Vila de Cruces e Silleda, con saída da Illa de Remesquide e remate na parroquia na Praia Fluvial de Cira. Percorrido polas ribeiras do Ulla, Insuas de Gres, histórica Ponte Ledesma, parada cultural na Casa de Neira Vilas e remate na praia Fluvial de Cira. O regreso farase en autobús ata o punto de partida.



TOURO

UNINDO CAMIÑOS POLAS SOMBRAS DO ULLA

GPS: N: 42° 52' 01.4"
O: 8° 18' 13.3"

Data: Sábado 1 de Xullo de 2017
Hora saída: 9:00 h. **Distancia:** 16,5 Km.
Dificultade: Media/Baixa
Punto de encontro: Casa do Concello
Contacto e información: Concello: 981 50 40 29, Extensión 2011. Punto de Información Turística: 981 81 45 66. Email: ana.pajaro@concellodetouro.gal



Esta senda, de notable valor botánico e natural, transcorre baixo un pasadizo sombrío onde o camiñante pode disfrutar da presenza de bosque mediterráneo, atlántico e de ribeira. Durante o camiño descubriremos os restos dos pazos de Rosende e de San Cristovo, pequenos muíños, as agachadas e antigas ouriceiras que salpican os frondosos soutos, pequenas fervenzas e o emblemático Pozo do Pego.




BOQUEIXON


ROTEIRO DE PESCADORES E RÍO GRANDE

GPS: N: 42° 47' 44.0"
O: 8° 24' 19.3"

Data: Sábado, 8 de Xullo de 2017
Hora saída: 10:00 h. **Distancia:** 9,6 Km.
Dificultade: Media-Baixa
Punto de encontro: Codeso - San Paio
Contacto e información: Tel.: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com



O punto de partida da andaina é Ponte Ledesma, un núcleo poboacional cun conxunto etnográfico moi importante: Igrexa Divino Salvador de Ledesma, a Ponte Vella de Ledesma e as Insuas de Gres sobre o Ulla. Percorreremos o roteiro dos Pescadores, tramo de Rede Natura 2000, un espazo natural protexido. Unha fermosa senda de pescadores cunhas vistas de gran beleza ata a parroquia de Donas. Seguiremos polo roteiro do río Grande que nos vai levar á Capela de San Paio en Codeso, rematando nunha fervenza de 7 m.



A ESTRADA

OS SONS DO ULLA

GPS: N: 42° 44' 49.5"
O: 8° 25' 43.0"

Data: Sábado, 15 de Xullo de 2017
Hora saída: 9:30 h. **Distancia:** 14 Km.
Dificultade: Baixa
Punto de encontro: Areal de Berres
Contacto e información: Tel.: 629 577 246
senderuta03@gmail.com



O punto de encontro será o Areal de Berres, un espazo impresionante onde relaxarse antes do percorrido. Iniciaremos a ruta pasando polo coto salmoneiro de Ximonde para dirixirnos ata a desembocadura do río Liñares, lugar moi apreciado polos pescadores, dado o bo índice de capturas que se realizan todos os anos neste punto. Pouco despois afastarémonos da beira do río durante 2 km para disfrutar de camiños entre carballos e pinos. Logo regresaremos ó Ulla cos seus sons e paisaxes.



VEDRA

CORREDOR TEMÁTICO DO RÍO ULLA (SAN XOÁN DA COVA - P.R.G. 36)

GPS: N: 42° 44' 75.3"
O: 8° 28' 34.2"


Data: Domingo 6 de Agosto de 2017
Hora saída: 9:30 h. **Distancia:** 12, 6 Km.
Dificultade: Media-Baixa
Punto de encontro: Área de recreo de Cubelas
Contacto e información: Tel.: 981 814 691
casadospeons@concelloveddra.com



Esta ruta discorre pola marxe dereita do río Ulla aproveitando camiños de paso e sendas de pescadores (Rede Natura).

Ten o seu inicio no "Miradoiro de Gundían", e o remate na "Área de Recreo de Cubelas".

No seu percorrido atopámonos con numerosos puntos de interese: o pobo da Ponte Ulla coa súa igrexa, o Muíño de Reboredo, a Área de Recreo de Agronovo, o Couto de Ximonde coa súa ponte colgante,...



TEO

RUTA DA PONTE DE PONTEVEA

GPS: N: 42° 45' 13.5"
O: 8° 32' 38.8"

Data: Sábado, 9 de setembro de 2017
Hora saída: 9:30 h. **Distancia:** 8,5 Km.
Dificultade: Baixa
Punto de encontro: Burga de Xermeade
Contacto e información: Tel.: 981 815 700
deportes@teo.gal



Ruta ás beiras do Ulla que percorre a parte sur do Concello de Teo. Iniciaremos a nosa andaina na Burga de Xermeade e coñeceremos o interesante patrimonio cultural desta zona, O castro de Valiñas, as pontes (ponte Vella de Pontevea e Ponte Mariola do Xirimbao), as fontes e lavadoiros (A Burga de Xermeade, lavadoiro de Maíndo), cruceiros (Cruceiro de Maíndo), pazos (Pazo de Maíndo), pesqueiras, etc...Sendas que atravesan o couto de pesca do Couso e espazos naturais incluídos na rede natura 2000.

